Levados da soberba e da cobiza os povos que se sinten fortes, e de selo fachendean, tentan sempre acrecere scu podeirio co sometemento de aqueles outros povos que, sen forzas nen recursos de abondo para se opoñer a tan avol desinio, romatan, após de inutíle resistencia, por seren asoballados.

Son povos debres espostos a se veren somesos na condizon dos ilotas, aqueles que, pesi a ter homes de grande valimento, illustres e arriscados, a sua masa non sinte, non alenta, non degora e non cultiva o espírito peconial da raza, nen as ideas da liberdade e grandeza da sua Patria.

O esaxeirado individualismo, a incomprensión e falla de irmandade, as vaus rivalidades de clan a clan; o non prestar axuda os uns aos outros, leva mais a ruína que ao trunfo nas loitas da vida.

Castellá Ferrer, nun seu libro em- prentado no ano 1610, di dos galegos, despois de os louvar pol-a sua afouteza "Defendéranse moito mais dos romás, se a división de bandos que antre si tiñan non fose causa da sua ruína (que inda oxe non lles falla esta praga) e anque estes os non hai, a división de vontades failles mais noto dano".

A praga ã que Castellá Ferrer refírese, persistiu moito na nosa terra nos causando feros males.

Cuveiro Piñol, no seu drama "Pedro Madruga" (Em- prentado en Pontevedra no ano 1897) pon, en boca do persoaxe Don Alvaro, estes versos:

"Dempois que o padre meu con nobre os virtos someten dos seus con- [esforzo hoxe no día con ferruda cóita, [tráleos a fera sorte téno xa obrigado á facer recuada, condoído dos logares que foron seu teatro; e non porque vincido fose nunca porque esto llo confesan seus contráleos, sō por non tera unión que les fai falta ós fillos de Galicia en moitos casos, e tamén por envexas e xenreiras que eiquí lle teñen ós que valen algo.

Lémbrome que sendo eu neno, inda a mocidade de cada parroquia andaba sempre en liortas e loitaba a'cotío co-a das colindantes, e as vilas ollábanse con xenreira unhas a outras. Oxe, por fortuna, xa non socede así; salvo esceicións antre xente de mingados alcan- ces. Mas persiste o separamento en cativas capelas nos homes de pruma e pin- cel.

Un povo unido, un povo afervorizado por un ideal nobre e grande, faise mais podente, mais culto e progresivo, e oferece maor resistencia às tentativas de domeño de aqueles que queiran lle impo- r un xugo de escravitude.

Vede se non o que sucedeu na nosa Galiza cando as ambicións do corso Na- polcón tramaron o sometemento das Españas; e si ben non é arastora chanza oportuna de vulgaren se o brioso povo foi ben ou mal aconsellado, con respei- to aos ares de fora que viñan removere o amente social e político que deston- ces imperaba na nosa terra, asiñalemos

o feito de que pol-a aición conxunta do povo, pouco durou a estada dos exér- citos napoleónicos na térraxe galega.

Martínez Salazar, no prólogo de "Proezas de Galicia"; libriño (*) escri- bido en galego (Em- prentado na Coru- ña no ano 1810) por Xosé Fernandes e Neira, e que foi reeditado por Salazar no 1893, na Cruña, di:

"A Guerra da Independenza e o trun- fo das ideas liberás acordaron na rexión galega o adormentado espírito patrio- no. O reaxir foi estupendo. En menos de seis meses, corenta mil soldados dos aguerridos exércitos de Soutl e Ney dei- xaron os seus ósos nos ríos, nos mon- tes, nos camiños, nos pazos e nas casas da Galiza, onde cazabamos coma feras que de feras, mais que de homes, foi a guerra que se fixo pol-as duas partes n-esta rexión".

Bõs exemplos desto foron a recon- quista de Vigo e a batalla da Ponte de San Paio (Pontevedra). O historiador Torano, falando da primeira di: "Na reconquista de Vigo non houbo inxe- nieiros nen cañõs; foi gañada sō a im- pulsos do patriotismo galego".

No tocante a aición da Ponte San Paio, refírenos Neira que os franceses eran mais de dez mil; e dos defensores da Ponte, di: "nosoutros anque eramos doce mil útiles, de armas sō había catro mil". Fulgoso, na "Crónica de la Pro- vincia de Pontevedra" ((Madrid, 1867) fixa o número dos franceses en dez mil de aguerrida tropa; e o dos nosos en
(*Sigue en la pág. 81*)

(Viene de la pág. 79)

¡Cemiterio de Fefiñans,
atal o da Adina, de Padron;
atal o da Chacarita en Buenos Aires
onde o noso Daniel pousou;
atal o de Compostela, onde xace
Sant-Iago, o noso patron,
sodes altares mais que campas,
sodes aras millor que terrans!

Os nosos mortos estan vivos,
todos ouvimos o seu cramor,
todos sabemos dos seus mandados...
¡Malia de aquel que no-os escuitou!
Eles teñen de ser compridos
por riba da Lua e por riba do Sol.


Voso mensaxe, Cabanillas,
parece que Deus mo crabuñou,
baixo de istes ceos, cabo de iste mar,
día da vosa sagrazon.
Eu son o mesmo que era un día
canda o teu libro chegou

ateigado pola Espranza
e dende o Tragoave ao Con de Nora
e dende Sávora ao Neixón,
vexo un salseiro en cruz, dourado,
feito de brétema e solpor
que si alcamiña a toda Arousa
tamen envolve a todos nós
e hastra aos mascatos e ás gueivotas
fainos deterse no seu voo.
Pola memoria do Poeta
digamos pé de él nosa orazón:

—Eterno Pai, que tés pra todos
intres de consolacion,
nas horas do teu diurno
fai unha pra a Galica, Señor,
e lembra que ela e mais o Poeta
esperan a resurrección.

Antes de vir amigos, decir miña tenson
espreitei ao meu corazón.

GALICIA



★ HINO GALEGO ★



¿Qué din os rumorosos
Na costa verdecente,
O raio transparente
Do prácido luar?

¿Qué din as altas copas
D-escuro arume arpado
Co seu ben compasado
Monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
E de beninos astros
Confín dos verdes castros
E valeroso chan.



Mais só os iñorantes
E féridos e duros
Imbéciles e escuros
Non-os entenden, non.

Os tempos son chegados
Dos bardos das edades,
Qu-as vosas vaguedades
Cumprido fin terán.


Pois donde quer xigante
A vosa voz pregao
A redenzón da boa
Nazón de Breogán.



Non dés a esquecemento
Da inxuria ó rudo encono;
Desperta do teu sono,
Fogar do Breogán.

Os bós e xenerosos
A vosa voz entenden
E con arroubo atenden
O voso ronco son.





trece mil homes, dos que sō sete mil estaban armados.

Neira conta así o feito:

“Mingote. — Como ven Soult de Portugal, e Ney de Asturias, desque se reforzaron e uniron a xente, tiñan tramedo o vir a collernos; pero nos, e, de todas as barcas que había, fixémos unha ponte, porque a antiga estaba cortada, e desta forma se estivo a xente embarcando toda a noite tocando a gaita e divertíndose no mentras que, nunha encuberta, se colocóu toda a artillería.

O día seguinte presentouse Ney coa súa división, e empezamos nos tal fogo de cañón que barría neles que era un gusto, mentras que, por outra parte, unhas lanchas que lle chamaban cañoneras (*) tamén zorregaban balas nos franceses, que era un primor; nosoutros, que nunca tal nos había sucedido, porque nas refregas que tiñamos diarias non había aquel orden, estabamos pasmados; pero a alegría que tiñamos en ver caere franceses, mentras que, por outra parte, a nosa música resonaba no medio dos vivas a Fernando Sétimo, facíanos olvidar todo canto víamos tocante o temor, e infundíanos a porfía ganas de arroxarnos coma leós a eles. Pero ¡sí viras a Ney! Escumaba pol-a boca mais que o mar, e desque víu que todas as tentativas, que facía para pa-

sar, eran coma botar ò aire a polvora, non lle faltaba sinon tirarse un tiro, e a fe, que si se detuvera un pouco mais, pode que non fose necesario, porque, dun, inatámoslle o cabalo, e, doutro, tirámoslle o sombreiro da cabeza; e vendo él que a cousa non era chanza, pégache a fuxir ¡ira de Xesús! o mesmo que un touro cando o aferretan e, a súa invitazón, o resto da división fixo o mesmo, e entónces sairon a acompañalos e gardarlles as espaldas os tiradores dos reximentos, que había, e us poucos de catalans; pero eles marcharon tan agradecidos, que non agardaban nada, porque che corrían coma un barco cando hai tempestade, hasta que se encerraron na Cruña”.

Fulgosio, na súa Crónica, louva, por motive desta acción a ardidez e patriotismo dos nobres fillos de Pontevedra, Caldevergazo, Peñafior, Cotovad, Morrazo, Caldelas e Zama, que xuntos con algus soldados fixeron recuar os franceses do mariscal Ney, nas pontes de San Paio e de Caldas, que tentaron pasar.

Se o mesmo que naqueles días adoitárase o botaren no río dos esquezos, as cativas rivalidás antre galegos, e se pensara e axira sō en lograre o millor ben da Patria, a pōndo por riba de todo parcialismo e intrés particular:


ú non habería de echegarse o poder moral e espiritual da nosa raza ¿Cal non sería o benestar, progreso e grandeza da nosa Terra?

En calsunquer campo das aitividades humans: ciencia, literatura, industria, comercio..., socede o mesmo. Se hai unión armoñía; se hai intelixencia dus cos outros; se hai concurrencia de esforzos para a mesma fin, poderáse facer labor grande e proveitoso. Mas divididos e soparados en collas antagónicas; arredados us dos outros pol-a valdade e os egoismos dos seus caporales, nunca faráse cousa que non dea na probreza e no fracaso.

Teñamos todos, pois, moi en conta de oxe en diante, estes deprendimentos da Historia, e o contido das ben sabidas composicións de Curros: “A espiña” e “Pol-a unión”, se é que, en verdade, queremos que algun día teñan cfetividade as arelas de Pondal.

(*)Esta obriña conponse de un longo paliqre antre dous paisanos amigos: Chinto e Mingote; que se contan as suas andainas na chamada Guerra da Independenza.

(*) Unha das cañoneiras era inglesa, mandada pol-o capitán Winter.



PONTEVEDRA
Monumento
conmemorativo
de la
Batalla de
Puente Sampayo

SANITARIOS

M. GARCIA COCHON y Cía.

“Guía SU economía”

- Depósitos de fibrocemento para inodoro.
- Depósitos exteriores de FF y loza blanca.

Exposición y Ventas

Avda. DEL TRABAJO 5181

T. E. 68-1766 — BUENOS AIRES

Depósitos

ARAÚJO 2427

Castelao con Pontevedra

EPOS ET POLIS

Desde que Pontevedra enviudou do mar, leva o río aos peitos como unha nai leva o fillo. Na segunda década do século era como a Bruxas galega, con fondo de natureza mais vizoso e cristiño.

O tempo non contaba na vida da cidade. Fixeráse tan levián e abstracto que se dixerá isolado da xente, a debullarse alá enriba, no reló da Peregrina, sen verter ardencia algunha no sangue dos homes. As torres da pequena igrexa central, presidían con esguía diñidade aquel lago de pedra e silencio. Nin siquera se ouvía ben a badalada das horas, sincronizada co-a bola filipesca da Puerta del Sol e nin co meridiano local.

Ollándose e reollándose no espello das augas mortas, a capital esmorecía como olimpo temporero do rexime, a onde o folgo resco dos persoaxes politicos viña a arexarse pol-o vran. Foi enton cando se murcharon os deerradeiros reflexos das chisteiras da Restauración, aínda que a Monarquía resistiu once anos mais.

A roda dos vellos prohombres, engrudada nos dentes da Caeyra, de Poyo, de Lourizan, da Parda..., caldenantes nas almeas obscuras do Castelo de Soutomaior, o vivir provincial daba as súas lentas voltas. Eran xiros a ritmo de noria, resñados, esmoentes, sempre na mesma orbita.

Foi d-abondo a fidelidade cazarra e barata dos segredarios ruraes, pra mexer e monxer aquel equilibrado aparello. A noria, sen apenas derramamentos, ía dando de si canto lle pedían: actas de deputado, varas de alcalde ou xuez, empregos publicos...

Pontevedra asistiu a agunia dos feudos, sen dar mostras de grande door. Pouco a pouco os prohombres foron morrendo. No interior dos pazos onde moraban pol-o vran o inverno fíxose infindo. E a cidade que foi durante anos e anos a cabeceira do seu poderio... aínda hoxe non lles erguéu unha estatua.

A RENACENCIA CHEGARA

Aquelo era xa un mundo valeiro. Podía coídate axeitadamente simbolizado no adobio capilar das faces, ou na tesa e lustrosa ouquidade dos sombriceiros. Mais do que vida era xesto, esca, representación. Tiñase en pé por unha sorte de preguiza da hestoria. Entraméntas, algo mudaba na súa entrana. Ao seu redor, en sangue novo outro espírito xermolaba.

Cando Ramón Cabanillas ceibou as catorce setas d-un feridor soneto contra o eixo do sarillo rotatorio, o impacto sagital fíxo retremer todo o tinglado. O poeta, con mocidade aínda, cantaba

ao fondo

por

V. PAZ ANDRADE

"no desterro" e a súa antifona lirica tiña un rexo acento augural.

No carto ninguante do século dezano-ve, abría o seu glorioso crecente a renacencia galega. As naos da poesía, que



CASTELAO

se perderan entre as neboas do catrocentos, recalaban ao fin na "costa verdecente". A hestoria, a música e outras artes adequirían sustancia, inspiración ou formas autenticamente nosas. Galiza escomenzara a recobrar a súa voz e a libertar a súa y-alma.

Era un movemento de pobo, mais que natureza que se despreguiza na aurora. Coallado en reaccións sinxelas, aguzando en voces pristinas, limpo vezo imitativo. Xa produxeran esgrevias figuras, todas nutridas de alento popular, xunguidas a terra por unha raíz comun.

Xa incorporara outros valores e nomes inmorredoiros, da mais varia procedencia dentro da xeografía galega. Sant Yago contribuíra con Rosalía, Aguirre, Brañas, Lopez Ferreiro...; a Cruña con Añón, Murguía, Pondal...; Ferrol con Vicetto; Ourense con Saco e Arce, García Ferreiro, Curros, Lamas...; Lugo con Pastor Díaz e Montes.

Pontevedra inda non fixera vibrar a súa corda n-este concerto auroral. Nin Indalecio Armesto, nin Antolín Esperon,

nin Nicanor Rey, nin outros raros varons das letras dos que houbo fartura, ficaron encadrados na rolda vindicadora dos percursos. A penas a polida elocuencia de Rodríguez Seoane, a labourea paciente de Cuveiro Piñol e a musa de Joan Manoel Pintos tomaron un quiñón pequeno no mensaxe dos pioneiros.

IMAXE E RUMO

Alfonso R. Castelao percorrera xa terras e mares, cando trocrou a ribeira salgada de Rianxo pol-a doce ribeira do Lerez. Era mozo, casado de pouco tempo. Temen de pouco tempo doctorado en Meiciña. Traguía o tíduo choido no tutelo, par-o deixar apodrecer sen ma goar a saúde allea.

En Pontevedra acougou xeiras prematuras e das primeiras loitas politicas. N-unha casa da Rúa da Oliva, radial do pequeno embigo urbán, montou o seu estudo d-artista e abriu o seu fogar. Todos lembrades a súa estampa persoal, que no devalar dos anos apenas sufríu inutacións. Outo, membrudo sen deixar de ser esguio, aberto e animoso.

No seu andar había mais do balanceo dos mariñeiros que do apromo dos labregos. Endeben, as mais agudas coalidades d-un e outro "specimen" compunían n-él unha nobre síntese. No seu falar, ledo e rexoubeiro, había tenrura e coor. Tiña verba chea de plasticidade, presta e mol aos revimentos da intenzón. Trazaba caricaturas orales de feitas e figuras con tanta axilidade expresional como tiñan as que despois deseñaba.

Baixo as azas entornadizas do chapeu, os ollos veados pol-os vidros. As rodela do aparello ocular, montaban garda permanente sobre do rosto. E as meniñas, probes de lus, desquitábanse no surrir, ou exercendo o seu raro segredo de apreixar a fasquia fonda e verdadeira de canto abranguían.

Cando escomenzaron a pousarse no panorama local, a estrela do poder político aínda marcaba o destino de "capital de provincia" e dos seus moradores. Os benfacentes destelos d-aquel luceiro decrinante, empurraban a cobiza da xente que tiña algunha. Os degraus da fama, escadados de mandada ao galo rubido momentaneamente no poleiro, constituían o sono dourado dos talentos provincianos. Ninguén topaba forzas en sí pra loitar a corpo limpo, ou sen deixarse arremosar pol-o remuíño das posicións e das deputacións en fornadas en Madrid.

Castelao non nacera pra se quentar na raxeira devalante. Era astro de outra constelación. Ao meridiano da Puerta del Sol preferiu o meridiano de Sant-Yago de Compostela. Pulsou o latexo propio, escoitou a voz interior mentras os mais seguían rendendose a suxestión alica. A mesma voz que Cabanillas decrara no

"vento marceiro", arrincada a lira rexurdinte de Curros. A vella voz dos Precursores que xemera no Sar, resoara en Allóns e avencellara en Conxo, soerguendose con acentos ennobrecidos, pra escadar cumes aínda virxes da nosa cultura.

O CRIMA DA OBRA

Vinte anos soldan con Pontevedra a vida de Castelao. Comenza entre lembranzas de idade que se esnaquizou no Marne. Rematan nos días tinguidos do sangue escoado dendo o Miño ao Ebro. Os ríos tamen son fronteiras dos tempos, orografía da hestoria.

Castelao dou, nas augas mortas, pulo a unha corrente viva. Fixo agurgular n-elas unha forza núa e latexante, que remancia da mais fonda raíz do pobo. Tornou fresca e nova aquela antiga verdade encobada dende facia catro seculos, que os Precursores redescubriran.

Cando Castelao chegou a cibdade vivía mergullada na fota banalidade da época. Era un pequeno mundo de empregados pubricos, eleitoeiros mañosos, profesores e literatos deslumeados pol-o brillo do parlamentarismo ou pol-o "couche" de "Blanco y Negro".

As parroquias da orla rural, enchían as veces de arrecendo campesio os cativos folgos da vila. Labregos e vacas mesturados en longa grea, car-o feiral. Certos domingos, no ar entoldado d-un mitín agrario, a bandeira antiforal despregabase por enriba das resñadas testas.

Tamen, n-unha ou dúas tardes agostizas, as ruas formigueaban con xente de tourada. O resto do ano, folgabase c-o desfie de cabaleiros xesticulantes baixo os soportacs da Ferreiría, ou de catro beatas mirradas, a rubir as escadas de San Francisco ou a costa de Santa María, co-a sillíña de tesoura a man.

O culto ao xenio gallego arrefecia nas aras antergas de Charino e Sarmento. Cando mais aproveitábanse o seus elementos leendarios, verbaes ou poéticos, a xeito de materia prima coa cal nutrir as letras casteláns: Valle-Inclán, Said Armesto, Canitrot... Somentes don Casto Sampedro e don Perfeuto Feijoo acadaban amorosamente as cinzas. Arqueoloxía que pra moitos era... música e música que para moitos era arqueoloxía.

Castelao foi quen arrequentou as pedras xiadas. A súa escola non se abría somentes n-aquel coarto traseiro onde traballaba, con anchas vidreiras agarimadas polo da serán. Tíña a aula mais espazosa na primeira plana do xornal. As "Cousas da vida", "os homes", "as mulleres", os cegos, os contos..., tanto pol-a enerxía e racialidade do dibuxo, como pol-a sinxela profundidade das lendas ou da prosa, percutían no y-alma do pobo, abríndolle unha fiestra sobre si mesmo que denantes semellaba pecha.

"Non lle poñades tachas a obra mentras non se remata". Y el traballaba n-ela a cotío sen acougo onde podía: na tribua ou no rua, nas paxinas dos libros ou no lería do café. Ninguén ante

nos conseguíu deica agora un linguaxe tan craro, vivo e persoal, pra ser escoitado, entendido e acollido pol-os que cuase nunca escoitan, entenden ou acollen a verdade que chega aos seus ouvidos.

PONTEVEDRA, BERCE DE CULTURA


Os vinte anos que durou a presenza corporea de Castelao en Pontevedra, ben pouco son en comparanza de canto será duradoira e firme a presenza do seu espírito. Un espírito que xa conquistara a calidade imprescriptible do bronce, denantes de se transfigurar en estatua o vaso mortal que o contiña.

Mentras Castelao pudo acendela día a día co-a súa chama, Pontevedra converteuse en forxa de novos valores galegos. N-aqueles recantos onde se apagaran os ecos dos orfeons, frios ou velleiros denantes que Castelao os repoboara co-a súa contaxiosa humanidade, ade-

quiriron ser e forma os mais fructuosos emprendimentos da nacente cultura.

Uns con asento na propia cibdade, como a Coral Polifónica ou o Museu. Outros, aínda que no mesmo craustro enxendrados, n-outras vilas desenrolados: a revista *Nos*, de Orense; o diario *Galicia*, de Vigo; o *Seminario de Estudos Galegos*, de Sant Yago... O vizoso e cobizoso florecemento actual da pintura, responde no seu orixen a mesma localización. Perdérase a tradición do grabado en madeira e rexurdiu con Castelao. Da técnica que utiliza o "lino-teum" foi introductor en España, deixando en Pontevedra unha escola que se mantén brillante.

A forza de expansividade non mingua ba a forza de concentración do artista. Castelao tiña unha dinámica íntima, que as veces semellaba superior a fluencia, non a eficacia dos meios expresivos. Mais el sabía afundirse en si mesmo, axordar os sentidos externos cal azas



Estatua de CASTELAO en su actual ubicación en el "PAZO GALEGO" del Centro Pontevedrés

A LINGUA GALEGA

non é

DIALEITO

Por LEANDRO CARRÉ

Moitas veces téñenme preguntado algunhas persoas: "A lingua galega é idioma ou dialeito?" A mesma pregunta fíxelle adoito á Real Academia Gallega. A resposta é sempre a mesma: "A lingua galega non é un dialeito". I eu, agora, vou dicir por qué:

Os primeiros povoadores de Galiza, que seipamos, foron tribus celtas. Destas falan os xeógrafos Estrabón, grego; e Pomponio Mela, román; mais Plinio, naturalista román tamén.

Cando Roma invadiu a Península Ibérica, constituiu politicamente unha rexión da parte N.O. a que chamou Gallaecia, cuos límites eran: pol-a banda do mar da punta de Finisterre, pol-o N. deica o meio entre Xixón e Villaviciosa (no que hoxe é Asturias); pol-o E. pouco mais aló de León, que ficaba dentro da Galiza; e pol-o S. dende Oporto, na desembocadura do río Douro, ata perto de Zamora, collendo parte do que arestora pertence a aquela provincia. Esta terra toda dividíase en dous "Conventos xurídicos", cuias capitais eran Lugo e Braga.

Ao se romatare o dominio román coa chegada das xentes xermánicas, os bárbaros, o mesmo conxunto das terras indicadas que formaran a Gallecia, foron ocupadas na parte N. pol-os vándalos e na parte S. por os suevos. Estes fundaron un reino que gobernou decontado toda a Galiza, que era, como dixemos, ben mais grande do que na actualidade (1); ata se estinguire aquel reino dos suevos pol-a conquista dos godos, que estaban afeñorados do centro e sul da Península. Mas, inda que dependendo dos reis godos, a Galiza fíase gobernando pol-os seus propios condes.

Cando no año 711 os árabes invadiron a Península de derrotando os godos, unha parte da Galiza quedou libre, e os condes galegos encetaron a reconquista da parte invadida, pol-os seus únicos e propios meios. Din historiadores musulmáns d'aquela época, que Peláio, un dos principais condes da Galiza foi feito prisoeiro; mas, logrou fuxir a volta á súa terra onde capitaneou as forzas que eiquí loitaban pol-a liberdade e independencia.

Os historiadores árabes falan sempre da guerra contra *Jaliquia* (Galiza) e non contra Asturias (2), nen León. Isto indica ben craramente que o primeiro reino da resistencia contra os mahometans foi o da Galiza, e que se éste si situou, por necesidades da guerra, na parte galega de Asturias, despois en Lugo, pasando mais tarde a León, conforme conuñia para a loita, non quer dicir que os chamados reinos de tal e cal o foran realmente aparte da Galiza. Aínda despois de constituído o reino de Castela, Galiza tivo reis

proprios en diferentes ocasións. O emperador Alfonso VII foi primeiramente rei da Galiza, e pasou a ocupar o solio castelá á morte de seu abó Alfonso VI.

A cultura galega, e naturalmente nesta lingua, era a que respandecía daquela na parte da Península que se ía liberando do poder musulmán; e aínda no século XIII, os chamados reis de León e Castela mandaban os seus fillos a Galiza para se instruíren adprendendo as artes de guerra e do goberno a carón dos condes galegos. Isto deu orixe a que os trovadores e xograes da nosa terra naqueles reinos tiveran grande resonanza e aprezo; e que deles adprenderan a arte de trovar os casteláns, andaluces e estremecios, empregando a fala de seus mestres, ou sexa a galega (3), según declarou o Marqués de Santillana, poeta castelá do século XV (O mesmo rei Alfonso X, o Sabio, escribiu en galego as suas sonadas "Cantigas a Santa María").

Ao se formare o Reino de Portugal no século XII coa parte Sul da Galiza (do río Miño ao Douro) 'o idioma deste novo reino foi o mesmo que se falaba en toda a Galiza, que inda hoxe mantense no país irmán, por mais que debido ao uso constante científico e literario, teña ido variando algo con relación ao galego actual que sofriu outras influencias.

Non só na Edade Meia foi usada a lingua galega como único meio de expresión por toda a xente: nobres, incruos reis, e plebeios, senon que co'ela creouse a primeira poesía da Península, que ficou patente nos cançoeiros, así como en todos os documentos públicos (eisen milloiros de testamentos, contratos, preitos, etc.). Consérvanse, ademais, dos citados cançoeiros coas poesías trovadorescas, outros libros diversos escritos en prosa, dos séculos XIII ao XV, con traducións de obras latinas, francesas, etc.

Atualmente a lingua galega é falada por mais de 2.000.000 de galegos, e escribida; eisen unha literatura rica en contía e importancia, incruo teatro, e atinxindo temas de filosofía, ciencias, etc.

Por todo isto, a Real Academia Española acordou facer desaparecer do seu Dicionario a verba *dialecto* que craramente figuraba nel ao se referire ao noso idioma galego, substituíndoa pol-a de "*Lingua que hablan los gallegos*", como aparecerá na próxima edición do seu "Dicionario de la Lengua Española", según ten sido comunicado á Real Academia Gallega.

(1) Véxanse os mapas publicados na "Historia de España", dirixida por D. Ramón Menéndez Pidal (Espasa-Calpe, Madrid) Tomos III e IV.

(2) En Xixón estabreceuse Munuza, xefe árabe que tiña asoballada unha grande parte de Asturias. Non hai que esquecer tampouco que a cidade de León pertencía entón a Galiza.

(3) A identidade de moitas verbas comúns a Castela e Galiza, é debida a que, como dí Menéndez Pidal na súa "Gramática Histórica", ao se formar o idioma castelá tomou grande número de vocabros da lingua galega.

O MECO

por LOIS CARRE ALVARELLOS

LL

Ante os moitos cursidosos mitos conservados pol-as nosas tradicións campesíns, eisiste un do que nos falan os papés deixados pol-o P. Sarmiento, o escrarecido bicito que tanto interés se tomou pol-o estudo das nosas cousas galegas, que resulta por demais atractive para o pesqueridor das antigas prácticas e creenzas de carácter ancestral do noso pobo; trátase de un notable apontamento como todo-os seus, que aparez datado en lo de outono do ano 1756; nese seu escrito, recolle un de eses vellos mitos galegos de respetábele antigüidade, a nos falar dos costumes e aitos rituais de pasadas idades xa ben recuadas, mais que apareza desvirtuado por posteiros aditamentos ao desfugar, en forza de lle querer emprestar un aquel de certa modernidade; referímonos ao que o ilustre polígrafo recolle baixo a denominación de "Chasco del Meco", groma de mal xeito que ao dicir do sabido ciente, corría pol-o centro e sul de España no seu tempo (comenzos do século XVIII), pra anoxar aos galegos.

O erudito escribidor recollendo a lenda en toda a sua crueza, cóntanos, como asegún ela, un bon día, chegou a Galiza (concretamente, ao Grove, na provincia de Pontevedra e no partido de Cambados), un crego que viña de

Salamanca, quen, vítima dun apetito carnal desenfreado, cometeu numerosos espasmos con algunhas mulleres da parroquia que rexía, sendo tantas as falcatrúadas que fixo, que un fato de aquelas mulleres, encolgárono dunha fiigueira, que o pai aínda alcanzou a ver —dinos—, no monte de Siradellaou Cidade, na devandita parroquia; e, cando a xustiza sabedora da morte tomou man do asunto, non puido facer cousa, disc, pois ao pesquerir entre os veciños: —"Quén foi que matou o Meco", respondían a unha teimosos: —"Matámol-o todos".

Sarmiento, no seu estudo feito pra rebatel-a chuscada de un seu interlocutor andalús, voltándolle a zomba, toma a voz "Meco" por Mafoma ou por musulmano, que val as dúas cousas, baseándose nunhas cantigas de Mingo Revulgo, escribidor do século XV, quen lle chama ao Profeta; Meco, Moro Agudo, e tamén, no feito de que si aos cristiáns que van a Roma chámaseselles romeiros, os musulmanos que fan a pelerinaxe da Meca, chámense "mecos". Engade o sonado escribidor, que o "Chasco", é de orixe meridional pra se vingar por animosidade do desprezo e castigos inflixidos en todo tempo pol-os galegos aos musulmanos, e pasando de unha deduzón en outra, vai parar a conclusión de que se chegou a existir a execución pública do crego ou de quen fose o autor dos feitos que diran pé a morte, en todo o caso trátase de dous acontecementos diferentes mais que aparezan encadeados pol-o parentexo da sua araxe.

Fainos saber tamen o sabido frade, que era voz popular no seu tempo, que o sonado feito tivera logar había arredor de oitenta anos, mas, engade, que pol-a falla ausoluta de dados concretos non era dábele atopal-o sumario nos

(*Sigue en la pág. 86*)

(*Viene de la pág. 83*)

que deixan de bater, pra mellor escoltar o senso interno, e poder escolmar no alcoubdo do subconsciente.

Do home en Pontevedra naceu seu unico fillo. Do artista, as obras que labran ao seu nome unha insuperada consagración popular. Compre antepoñer "Nos", froitos da primeira maduración, suma xenial do humorista e do pensador. Denantes de adequirir a definitiva estrutura do libro, xa deixaran vincado o seu ronsel na retina e na conciencia da xente, ao par da cotidian labora do autor como caricaturista e dibuxante.

En "Cousas", "Retrincos" e "Os dous de sempre", locc o esgrevido artifice da lingua, o evocador connovido e colorido, o narrador maxistral... Mais a sua personalidade xa agromara n-outro campo: o estudo e interpretación dos símbolos que, a través dos seculos a fe dos pobos mantén. "As Cruces de pedra na Bretaña", libro xestado no Fisterre armoricán mais escrito e imprentado en Pontevedra.

TRES VOOS DEND-O NIÑO

Nos anacs pontevedreses de Castelao, non se atopan paxinas en branco. Resistran apenas alguns curtos parenthesis. Dous corresponden a xeiras de estudo por tres países da Europa. O outro veu imposto por un desaforo político do que Castelao foi vítima.

O Munich de primeira postguerra era o mais sorprendente e restalante viveiro de caricaturistas e dibuxantes. París vivía o apoxeo de "art nouveau". Os dous foron fitos que polarizaron as

mellores arelas da sua primeira saída, prolongada até Bruselas, Amberes, Berlin... Estudou o "ballet" ruso nas mais autenticas versións, os primitivos flamengos na sua terra, os movementos da moderna pintura na sua fonte. N-as crónicas "Do meu Diario", que publicou a revista "Nos" escuma as reaccións e xuízos do artista, diante d-aquela deslumecante mare de formas e coores, diante d-aquel estremecido mudamento das ideias criadoras do arte.

Na compañía de Virxinia, sua valerosa dona, Castelao peregrinou por Bretaña. Poucos meses denantes perderan o fillo. Co-a crus do seu door aberta no curazón, foi emprendido o estudo e reprodución das cruces de pedra, cotexando no vivo afinidades representativas de celtismo e dos procesos de cristianización occidental.

Cando Castelao estuvo mais lonxe de si mesmo, foi cando andaba polas ruas aboiantes de Badaxoz, soportando o desterro con que quixo asoballal-o un Goberno da Republica. D-aquela o home de pruma apagou n-el ao home de liñas e coores. Eu, que anos despois vivín a mesma esperencia, sei ben canto lumareu pode apagar aquel rescco terron na y-alma d-un galego Pousado nos rastollos escribiu Castelao o "Adro" que introduz nas paxinas de "Sempre en Galiza", as unicas que da sua pruma naceron enteiramente fora da Terra. E as ubica tamen en que a prosa non ten alternanza co-a ilustración.

A OBRA DERRADEIRA

Tiñan de pechar o xiro parabolico da vida de Castelao, os riscos mais opos-

tos a criación cultural. O fogar pontevedrés viña enloitado pol-a morte do fillo, mais entre os muros que aquecera a dita familiar tronzada, os pais adequiriron a frebe dos piñeiros enraigados no cons e batidos pol-a marusia.

Agora o fogar de vinte anos perdiase sempre, a terra sagra e matricial, a que Castelao fixera total ofrenda do seu facer e o seu vivir.

Do seu primeiro voo por Europa, trouxera moita mais colleita que a recollida nos artigos "Do meu Diario". Trouxera a tentazon de compoñer par-o teatro. Non frorecera mais que nos decorados de "Divinas Palabras", de Valle-Inclán, estreada en Madrid pol-a Xirgu. Silenzosa e demoradamente, sen esperanza de podel-a representar, foi nacendo a farsada que despois se chamou "Os vellos non deben namorarse". Foi nacendo no sono aparente do septenado riverista. Castelao trazaba e retrazaba as esceas, disfrutaba coma un neno co-a invención dos bonecos, dibuxaba e coloría os figuríns...

Ao mesmo tempo ía acugulandose de documentación grafica e literaria, pra a sua derradeira e monumental monografía. Libro vivido nos adros e nas encrucilladas dos camiños, nos camposantos e nos tempos, ao ar libre e nos arquivos; libro que Castelao non había de chegar a vivir na sua acabada proyección editorial. Libro que resume e xustifica unha vida, "As Cruces de Pedra na Galiza". Aparecido mesmo tras dos pasos da morte, erguese xa como un monolito da cultura galega renacente. Erguese como o primeiro e mais radioso monumento a gloria do seu autor.

arquivos da Real Audencia; e, fílanos asemade, de que leu un "vejamen" imprentado en Sevilla no ano de 1683, no que suponse xa moi antigo o chamado "Chasco do Meco", o que vai en contra do feito histórico no tempo do que se fala citado por Sarmiento.

Un dado pra nós do meirande interés, atópase nese papel do noso bieito, e ele é, a notiza de ter chegado ao seu coñecemento, como os portugueses do sul, facían ouxeto da mesma noxenta gróma aos seus compatrianos das provincias do norte.

Interesados por este tema que nós enfocamos dende outro punto de vista diferente, procurámonos a interpretación que o ilustre Murguía daile ao suceso: pra éle, o significado da voz "Meco", ten de se pescudar en outros meios, e así atopa que no Franco Condado onde ao bufariñeiro chámase "meuchi", "mechi", "machi" ou "match", existe tamén unha vella lenda menos compreta que a nosa galega, mas somellante a ela, na que aparece como protagonista un bufariñeiro que foi morto nun camiño, o que leva ao devandito autor a desbotar a interpretación do P. Sarmiento, no tocante a Mafoma, mas, en troques, salienta a grande antigüedad da lenda e o carácter fálico dos seus elementos básicos constitutivos que o levan aparentala co deus galego Eiduorio, de quen foi descuberta unha lápida en Brasil, e que asegún parece, asoméllase nos seus atributos tanto como nas súas funcións ao Hermes grego, e mais aínda ao Gwyon galo, amos mensaxeiros e condutores das y-almas ao alen, e protectores dos camiños e do comercio, amais de ter certo carácter de divinidades xeneradoras, por eso as pedras chamadas "hermes" ou "guyons" que aveiraban os camiños na Grecia e na Galia, como simulacros de ese dous deuses, enfeitábanse con símbolos fálicos.

Carré Aldao que ao ocuparse do mesmo asunto recolleu o dito popular tantas veces ouvido de "A ese non lle salva" ou "non lle ha de valer nen a bula do Meco", tira a conclusión que a ese ser mítico apóeselle unha grande indulxencia para toda a cras de espasallos, inda que non chega a tanto a sua bondade, que algúns pol-a sua natureza queden sen punir.

Valéndonos de parte dos elementos informativos devanceiros, aos que engadiremos outros mais, aportados por nós, compoñemol-a nosa teoría que bota pol-o chan a lenda a que se atribúe a morte do Meco, da que dise tomou orixe o "chasco" no primeiro lugar desbotamos por enteiro pol-as non considerear axeitadas, as interpretacións do P. Sarmiento e a de Murguía, encol de aquel nome, pois coidamos que non ten que ver con Mafoma. Nen con ningún bufariñeiro, e xugando mais atinado o precural-o significado que ese nome ten na lingua galega, atopámonos con dous guieiros de grande interés a dar luz no noso inquérito, pois, o de Meco, é outro nome do boneco Antroido, representación fálica, pois é indubitabre que o símbolo do orgo viril que endexamais falla no Antroido, se agora considérase ousceno, e ponse pra ofensar de xeito bulresco, no seu orixe, tivo moi outro significado e valor cerimonial; a outra acción a que nos referíamos hai pouco a falar da voz *meco*, e a de estar

manco de algunha prenda ou condizón aquel a quen así se lle chama, a que tamén cadra ben coa nosa ideis.

Ademitindo a interpretación de Meco-Antroido, exprícase a indulxencia de que fala Carré Aldao, que lle confire o pobo nos seus decires, pois ben sabido é, a verdadeira tolemia raiana no licencioso, impeirante nas festas peconiales de Carnestolendas, nas que era costume antigo, e algo consérvase aínda, romper coas comenencias sociaes e a boa crianza, representadas pol-o respecto para ó somellante; de por parte, o costume de encolgal-o Antroido de cada ruciro ou da parroquia se está xunta, nas arbres da horta de cada veciño pra percorrelas cosas todas, somella unha reminiscenza da visita proteitora do espírito da arbre, na chegada da primadeira, que levaba a fartura e protexía escontra o mal, aos fogares e mais as xentes e bens que en eles tiñan acobillo.

Por outra parte, sabemos que o chamado Rei do bosque, era un sacerdote, que encarnaba ese espírito protector e farnadeiro (ao Meco faino a lenda un crego, o non esquezamos), quen uníndose a unha muller, pol-o meio de un aito de maxia simpática bezante, axudaba e arrequecía as producións de todo o orde da natureza, o mesmo a familia que o gando e a vexetazón en xeneral, e pra romate, lembrámonos, que eses sacerdotes o mesmo que moitos reis a quen atribuíanse poderes somellantes, en certos pobos retrasados que levan unha existencia de xeito primitivo, perdían a sua vida ao se ofrescer neles sinais de vellice, mostra de unha próisima decrepitude, e se unhas veces morrían a más de unha individualidade asinalada de antigo no ritual, eran moitas mais as que caían baixo as pancadas do pobo aituando en coletividade, atolecido nas festas rituais.

Por outra parte, roparemos nun feito tan cursidoso como o é o de que o Meco fose morrer nunha figueira, arbre de simbolismo fálico ben salientado como fixo notar Murguía, e no cume de un monte onde outrora antre os nosos mais anterfos aboengos tiñan lugar os aitos relixiosos dos cultos agrarios, más, teñamos en conta pra millor xusgar da morte do Meco, que non embargantes, contarse que foi enforcado, dinos a lenda que os figos que dende aquela deu a figueira do Grove, son pintades de corado, lixugados pol-o sangue do morto, que non tiña por que sanguear, se como se di foi enforcado.

En resumo, coidamos poder asegurar valéndonos do autorizado testemuño do P. Sarmiento, que o mito do Meco, se nos basea nun feito histórico mais menos recente, non probado por documentos, senón que mais ben, débese, a nosa maneira de apreciar-as cousas, a unha vella tradición de carácter agrario, arraizada no elemento campesío tan fidel gardador das lembranzas do pasado, que conserva nos seus costumes moitas reminiscenzas de tempos idos, como un herdo de culturas ancestraes, pol-o que entendemos que a sua lembranza non supón un aldraxe, pois aparece espido de todo valor noxento para o pobo onde consérvase viva a tradición de un ritual de maxia simpática, tan dino como calesquer outro, a nos falar de feitos e creenzas moito tempo hai perdidos, e a no conservar inapreciábeles indizos dun pasado remoto, do desenvolvemento e condizón da nosa cultura ancestral.



Compostela e a sua dimensión Europea

por D. GARCIA SABELL

Compostela é para Galicia como un longo e laberíntico camiño de aconteceres, sempre os mesmos e sempre diferentes. En Compostela faise nido un dos vieiros disa complexa e difícil realidade colectiva que se chama Galicia. Galicia, retrinco extremo de Iberia, peito enorme, silandeiro e fervente, orela recamada do mar aberto, Isla Galicia, sempre tan inalcanzabel, que cristaliza, de xeito asombroso, no espazo, non excesivo, da urbe definitiva e insigne. Compostela é unha das nódoas máis translúcidas diste vello pobo celta, farturo de estilo, ricaz de formas de vida, xenoso de trascendencias e gardador de virtuales enerxías decote renovadas.

Como a Armórica, como a Cambria, tamén a Galicia dos mariñeiros i os labregos téñ un perfil de faciana antiga en venerabel. Pero acontece que si a faciana é manifesta e patente, non son eisi os conceitos e as doutrinas que pretenden apreixalo. Non hai burils agudos, decididos e de áxil trazo. O perfil, tan caro, escóndese e fuxe, con elegancia de *écart*, ou con xesto alporizado, namentras a historia, marchando sobor dele, afínase ou queda, deita verdades ou recría mentiras, vai e vén, con senso ou sin senso, como o xogo das ondas no mar desordeado.

Non é doado reducir Galicia a cifra e discurso lóxico. O impiden, xustamente, os feitos, o luxo barroco dos sucesos, os ropaxes ilustres, o monumento, a crónica i a estela. Decía Nietzsche que soio pode definirse aquilo que non téñ historia. El Galicia, farta de tempo e de acaceres, asulágase, allea a sí mesma, na historia que non define. *Galicia repausa na historia.*

Por iso o mellor arco toral pra chegar á comprensión i entendemento cabales diste país é, a bon seguro, Compostela, a Compostela polimorfa e contradictoria dos romceiros, suma e manchea palpabel de Europa, símbolo fuxidío e perfecto de Occidente. Eisi, por exemplo, vale a enorme e longa realidade das peregrinacións porque elas, en riguroso senso, *non son a historia que se fai, senon a historia que se contempla.* Porque elas, cos seus persoaxes, os seus costumes, a suas voces i as suas modas son a histo-

ria que non desfigura, nin obriga. Elas son o espeitáculo aleccionador, impresioante e fecundo das culturas i os seus modos, nas que se asimila a sustancia i evapórase o inerte. *Elas son, ante a historia queda, o estímulo i o aguillón da historia transeúnte.*

Por iso nada sería mais formativo que trazar algo eisi como a gráfica disas pacíficas e afervoadas invasións e, con ela á

vista, estudar a relación entre a sua frecuencia e o nacemento dalgunha das máis valiosas manifestacións da alma de Galicia. Pois algún nexo trabou sempre —por outas razóns, que non é agora do caso espicar— ambas a dúas categorías de fenómenos. Non esquezamos que é no primeiro terzo do século IX cando acontece o prodixio: a descuberta do corpo de Apóstolo Sant-Yago o Maior no corazón da Galicia. Con unha súpeta enerxía xurde a cidade ó socaire do sepulcro milagreiro. I eisi, cincuenta anos máis tarde —somentes cincuenta anos máis tarde— xa está formada i en preña aividade unha primeira, unha primitiva Compostela. Con iso asegúrase iste feito cultural de importancia incalculabel: a unión constante e fértil de Galicia co resto de Europa, co corpo i a alma daquela prístina e tremecente realidade, apenas presentida e caseque inabordable, que era Europa. *Veleiqui un contoito que se establece e dura dez centurias. Son mil anos de convivencia.* Co seu formidabel fastixio no século XIII i o seu lento descenso do XIV, e o recobrase e voltar a caer a comenzos de XIX. Pro no entretanto, Galicia foi o Jacobsland, e Compostela, extraordinaria e abraiaada, quedou convertida na "atracción internacional" como con profundi-



Fachada del "Colegio de Fonseca" (Santiago de Compostela)

